



# BANDO

GERARDO SEOANE FIDALGO, Alcalde do Ilustrísimo Concello de Verín (Ourense),  
FAGO SABER:

En virtude do Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e SEAGA, en materia de **prevención e defensa contra incendios forestais**, asinado e publicado no DOG Nº 250 do 29 de decembro de 2025, para o establecemento e consolidación dun sistema público de **xestión da biomasa nas faixas secundarias**, lémbrese que o Concello de Verín ten 6 parroquia PRIORIZADAS.

| Concello | Parroquia/s PRIORIZADAS/S                                       |
|----------|-----------------------------------------------------------------|
| VERÍN    | ÁBEDES<br>MOURAZOS<br>QUEIZÁS<br>TINTORES<br>VERÍN<br>VILAMAIOR |

Este convenio, permite formalizar contratos de xestión de biomasa coa empresa SEAGA, a un coste reducido de **420 euros** por hectárea e ano.

Os titulares das parcelas ou representantes que desexen acollerse a limpeza de predios nas parroquias PRIORIZADAS, **poden achegarse polo Concello de Verín**, onde dispoñen dun novo modelo de contrato a cubrir e serán informados dos predios e superficie afectada na **1ª planta: aportar DNI do titular así como a referencia catastral da parcela**.

Nº Teléfono do Concello de Verín: **988410000**

Tamén poden consultar a superficie afectada do/s seus predios no VISOR público con enlace <https://mapas.xunta.gal/visores/faixas/>

O que fago público para xeral coñecemento.

Verín, 25 de maio de 2026

